

*A Asociación Veciñal Atochas - Monte Alto - Torre de Hércules.  
CIF G15038243  
Parque Campo de Marte s/n , 15002 A Coruña.*

- Arranxo e ancheado do acceso ao Centro de Saúde de Orillamar.

O centro de saúde de Orillamar ten un acceso dificultoso cando se ten que chegar a el persas con mobilidade reducida, tanto se se fai en vehículo como se é con cadeira de rodas.

A pequena rúa pola que se accede ten posibilidade de ancheamento para mellorar tanto o vial como a beirarúa, e ademais na parte final hai espazo para habilitar un lugar reservado tipo “carga e descarga” que permita levar en coche a unha persoa con mobilidade reducida, baixala e recollela. Demandamos a intervención do Concello que facilite todas as manobras relacionadas.